



GUÍA DOCENTE DE **CONXUNTO I-VIII**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: CONXUNTO I-VIII										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Música antiga (Clave, Instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco, Viola de gamba)	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO				Música Antiga	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5h.
ECTS/CUAD.	3	3	3	3	3	3	3	3	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Práctica da interpretación musical en grupo en diferentes formacións e repertorios. Coñecemento e interpretación de obras do repertorio de conxunto, en diversas formacións. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio con e sen director/a. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos. Capacidade de compenetración co resto dos integrantes. Práctica da lectura a primeira vista. Flexibilidade de resposta ás indicacións do/da director/a ou líder. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os estipulados na normativa vixente
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T7, T8, T9, T10
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X7, X8, X10, X11, X12, X17
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
<p>Desenvolver a capacidade de tocar en grupo: escoita persoal e xeral do grupo, desenvolvemento da empatía musical, flexibilidade de resposta, compenetración cos demais...</p> <p>Adquirir o nivel técnico para abordar as obras do repertorio de grupo</p> <p>Posuír a capacidade de analizar e comprender no seu contexto as obras para grupo de violas dos séculos XVI a XVIII</p> <p>Mellorar a lectura a primeira vista</p> <p>Adquirir técnicas de ensaio e de resolución de problemas de conxunto</p>	TODAS

4. CONTIDOS
Práctica musical cos distintos instrumentos da familia das violas da gamba: pardessus de viole, soprano, tenor, baixo, violone en sol, violone en re
Lectura e análise de obras do vasto repertorio de consort en Italia, España, Francia, Alemaña dos séculos XVI a XVIII
Interpretación en público de programas para consort de violas nas diferente formacións posibles
Probas de lectura a primeira vista



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases de técnica de conxunto e interpretación	Presencial	Semanal
Práctica individual/Estudo persoal	No presencial	Semanal
Concertos e audición públicos	Presencial	Cuadrimestral
Exames de lectura a primeira vista	Presencial	Bimensual

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria

AVALIACIÓN ORDINARIA

1. Avaliación CONTINUA

Traballo persoal: ponderará un 50% da cualificación final. Valorarase a progresión na mellora do alumno, a capacidade de traballo, a asistencia ás clases, o desenvolvemento na capacidade crítica e na capacidade de tocar en grupo

Audicións e concertos: serán un 50% da nota final. Valorarase o dominio técnico nas obras a interpretar, a capacidade artística e comunicativa, o coñecemento e posta en práctica do estilo interpretativo, a flexibilidade dentro do grupo

2. AVALIACIÓN ALTERNATIVA

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas (3 o máis ao semestre), segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Consistirá nunha proba práctica, interpretando un repertorio da dificultade adecuada ao nivel amosando control técnico, coñecemento das práctica interpretativas e estilísticas propias de cada época, unha capacidade artística e comunicativa adecuada, unha autonomía na capacidade interpretativa e a capacidade de tocar en grupo.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestre da disciplina A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.*